

## EXCURSIÓN PORTUGAL XUNTAZA FAMILIAR FIN DE CURSO 2022\_2023 GUIMARÃES (26-27 e 28 de maio)

Bos días,

este curso retomamos unha actividade de longa tradición no noso centro, que por mor da pandemia non rivo lugar dende o curso 18-19, é a viaxe-xuntanza familiar a Portugal. A continuación enviamos información da viaxe a Guimaraes a finais do mes de maio.

**Destino:** Guimarães (Portugal). Na volta pararemos no Eco-parque Pé Descalço e na vila de Ponte de Lima.

**Distancia** dende Santiago de Compostela: 202 Km (2 h e 20 minutos pola AP\_9 ; A3 e A11).

**Bus:** **NON** cada familia vai en coche particular, encontrámonos alí.

**Aloxamento:** Pousada da Juventude (equivalente a un albergue) de Guimaraes (distrito de Braga).

<https://www.pousadasjuventude.pt/pt/pousadas/pousada-de-guimaraes/>

Disponibilidade:

9 habitacións familiares para 3/4 persoas cunha cama dobre ampla e unha cama extra.

5 habitacións familiares para 2/3 persoas cunha cama dobre.

**Prezo aproximado aloxamento e almorzo dúas noites:**

- **115 € por habitación** (3/4 persoas: cama dobre ampla + cama extra, con baño)
- **85 € por habitación** (2/3 persoas: cama dobre, con baño)

**Ceas na Pousada:** 8 € por persoa cada cea.

**Entradas** ao Castelo, teleférico, Museo Ciencia Viva e Eco-Parque: 15 € aprox por persoa.

### ***PREINSCRICIÓNS E PAGAMENTOS***

*O primeiro pagamento á Pousada temos que facelo a comezos de febreiro, o segundo pagamento farase máis cerca da data da excursión.*

**PRE-INSCRICIÓNS: 60 € por familia (ata o 3 de febreiro, venres)**

As inscricións irán por orde e entregaranse a Marcos, o conserxe, na hora de entrada ao Colexio.

**Para a reserva de prazas:**

1- Mediante apuntamento na **lista na conserxería** por orde de inscrición, indicando: nomes completos d@s pasaxeir@s (no caso d@s nen@s precisamos idades e curso), un teléfono e correo electrónico de contacto.

2- Entrega de depósito de **60 €** por familia a Marcos nun sobre pechado indicando: nome da familia e nº de viaxeiros.

Máis adiante realizaremos unha xuntanza para a xente inscrita para detallar a excursión.

Un saúdo,

A directiva da ANPA Sarela do CEIP Raíña Fabiola